

ORTOGRAFÍA .

USO DA RAIA –

Utilízase sobre todo nos diálogos:

- Para reproducir as palabras de alguén que fala. Por exemplo:

A nena preguntou:

– Podo comer un xeadó?

- Para expresar a intervención dun personaxe e a aclaración do narrador. Por exemplo:

– Podo comer un xeadó? – preguntou a nena.

USO DAS PARÉNTESIS ()

Utilízanse para dar unha explicación, unha información ou para facer unha aclaración dentro dunha oración.

EXERCICIO :

Escribe de novo poñendo todos os signos de puntuación que sexan necesarios (raia, paréntesis, punto, coma, puntos suspensivos ,interrogacións, exclamacións,...)

a) Pero que é iso que tes aí preguntou o neno sorprendido

b) O xornalista preguntou

Que obxectivo ten

O atleta respondeu

Gustárame bater algunha marca nos Xogos Olímpicos

c) Maxestade os inimigos acércanse berrou o soldado

d) Bo día Que lles apetece hoxe para almorzar preguntou o camareiro

e) Que ben che quedaron as lentellas avoa díxolle a nena alporizada Cando as podes cociñar outra vez preguntoulle á avoa

f) O próximo mes de maio virá o meu tío Xaquín que vive en Hamburgo Alemaña

g) O ILG Instituto da Lingua Galega pertence á USC Universidade de Santiago de Compostela aclaroulle o seu mestre

- h) Imos hoxe a Lugo para ver a muralla romana século II d.C. preguntoulle a Xoan á súa curmán
- i) Queridos pasaxeiros imos comezar a manobra de aterraxe no aeroporto de Peinador Vigo anunciou a azafata Por favor abrochen os cinturóns
- j) As previsións económicas para Europa do FMI Fondo Monetario Internacional son negativas declarou o ministro de Economía
- k) Dígame que lle parecen os petroglifos de A Laxe dos Carballos Pontevedra preguntoulle o xornalista ao mellor especialista neste tema que é natural de Baralla Lugo
- l) Este ano o Día das Letras Galegas 17 de maio está adicado a un escritor ferrolano Ricardo Carvalho Calero. Sabías que a súa sobriña bisneta Noa Blanco é a miña compañeira de clase
- m) Bárbara a veciña do setimo ten tres fillos Brais avogado Henrique comerciante e Antía pintora